Carballo de Francisco Miguel e Syra Alonso

roteiro turístico e de memoria

UN FINAL DRAMÁTICO TRAS PERCORRER O MUNDO

rancisco Miguel Fernández Díaz (A Coruña 1897-Bértoa (Carballo) 1936) e **Syra Alonso Brufau** (A Coruña 1899-Cidade de México 1970) formaron unha parella de artistas singular. El foi participante destacado nos faladoiros culturais da época, libreiro, colaborador e director artístico de revistas vangardistas, creador de *batiks* e pintor. Ela, foi unha muller culta, escritora e testamenteira ata a súa morte no exilio mexicano da memoria e a obra do pintor tras o seu asasinato a mans das novas autoridades golpistas, poucos meses despois do Golpe de Estado de 1936.

Tras unha vida nómade residindo na Coruña, París, Cambre, México, Madrid e Oleiros; Bértoa (Carballo) convertirase no derradeiro viaxe en vida do pintor, o lugar onde un 29 de setembro de 1936, tras ser secuestrado do cárcere da Coruña, -fronte a Torre de Hércules- aparecerá o seu corpo con evidentes signos de violencia xunto aos tamén coruñeses Juan Boedo Pardo, Andrés Pinilla Fraga e Pedro Pinilla Calvete. Os veciños de Bértoa os atoparán nun cruce de camiños do antigo trazado da estrada a Caión, a 42 kms do domicilio da parella en Santa Cruz de Liáns (Oleiros).

UN ASASINATO QUE ATOPARÍA A HUMANIDADE DO POBO DE BÉRTOA

A práctica de deixar os corpos das vítimas que eran asasinadas extraxudicialmente en concellos afastados dos seus domicilios de residencia, era parte da represión exercida polas novas autoridades xurdidas tralo golpe de estado de xullo de 1936, e perseguía un dobre obxetivo:

Por un lado buscaban amedrentar e espallar o medo na poboación do lugar no que aparecían os corpos, evitando que estes, por temor ás consecuencias, tentaran sublevarse contra un réxime novo, imposto pola forza e antidemocrático; e por outro buscaban dificultar a súa identificación ao ser descoñecidos para os veciños do lugar, facendoos desaparecer, de modo que as familias das vítimas non puidesen recuperar o corpo do seu ser querido. As veces os propios verdugos xogaban a un "*xogo de despiste*" ante as tentativas dos familiares de localizalos, proporcionandolles datos falsos e evasivas sobre o paradeiro das vítimas, aumentando o seu sufrimento e causando un trauma que mesmo chega a trascender xeracións.

Fronte a esta pouca humanidade, os corpos de Francisco Miguel, Juan Boedo Pardo, Andrés Pinilla Fraga e Pedro Pinilla Calvete, atoparán a compaixón dos veciños de Bértoa e do seu párroco, D. Narciso Coello de Portugal quenes os recollerán do cruce no que apareceron, os trasladarán ao cemiterio en contra das "*recomendacións*" das autoridades golpistas que querían deixalos tirados, e faran guardia toda a noite para evitar que estas secuestren os corpos. A diferencia de moitas vítimas de execucións extraxudiciais, serán velados e "*ca modesta esmola dos labregos desta aldea*" segundo as verbas do sacerdote, faran cadaleitos para soterralos dignamente. Serán inhumados o día 30 de setembro de 1936, e a comapixón demostrada polo párroco e os veciños non quedará impune, xa que recibirán represalias.

A VISITA DE SYRA ALONSO A CARBALLO

Tras recibir moitas evasivas nos cuarteis da Falanxe e da Garda Civil da Coruña sobre o paradoiro do corpo de Francisco Miguel, unha desesperada Syra vencerá o medo que lle infunde Florentino González Vallés, o gobernador civil imposto na Coruña tralo golpe de Estado, e presentarase na porta da súa casa a preguntar polo destiño do seu home; alí según recolle nos *Diarios*, o fillo do gobernador entregaralle un papel onde se indicaba o paradoiro do corpo.

Syra chegará a Carballo acompañada do seu irmán Fernando e o doutor Manolo Varela. Na vila, visitará o xuzgado onde será obrigada a firmar un certificado de defunción no que se recolle unha causa da morte falsa, e acto seguido, visitará a casa de D. Narciso Coello de Portugal, onde atopará un pequeno bálsamo para a súa dor pola compaixón do párroco.

Tras esta visita instalouse durante unha pequena tempada en Tordoia, concello veciño de Carballo para poder visitar máis doadamente o lugar onde xacía o seu home; Será en Tordoia onde comezará a escribir os seus *Diarios*. Case noventa anos despois destes feitos, en 2023, a Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica (ARMH), realizará a exhumación dos corpos destas catro vítimas para devolverllos ás súas familias.



1

Campo de Morgade, Queo de Arriba

Neste cruce ben visible do antigo trazado da estrada Carballo-Caión (hoxe moi modificado pola construcción da autoestrada), moi preto do núcleo de Queo de Arriba, parroquia de Bértoa, apareceron os corpos de Francisco Miguel Fernández Díaz, Juan Boedo Pardo, Andrés Pinilla Fraga e Pedro Pinilla Calvete, segundo os distintos testimonios orais, os afines ao golpe militar querían deixar os corpos tirados no lugar onde apareceron, máis o cura, D. Narciso Coello de Portugal negouse, e foron recollidos polo carpinteiro Santiago Serrano, o alcalde pedáneo Lionardo Martínez e o concelleiro Manuel Regueiro, quenes lles fixeron unhas caixas e os trasladadon ao cemiterio parroquial, situado a 4 kilómetros. A memoria oral tamén recorda que neste punto os veciños sempre deixaban flores recordando o suceso.

2

Foxa Común no cemiterio parroquial de Bértoa

Os corpos recollidos no Campo de Morgade foron trasladados a este cemiterio e colocados nunha capela existente antigamente, onde segundo as testemuñas orais, Lionardo Martínez, Manuel Regueiro e outros homes de Bértoa fixeron guardia toda a noite ao carón dos corpos para evitar que os afines ao golpe militar os levaran. O día 30 de setembro de 1936, o corpo de Francisco Miguel foi sepultado neste cemiterio; segundo a testemuña de D. Narciso Coello de Portugal recollida nos *Diarios*: "*O día 30 dos correntes presenciei o acto de darlle sepultura no lado esquerdo do cemiterio da parroquia ao cadáver do pintor Francisco Miguel que apareceu no campo de Margade* [*sic.*] *do lugar de Queo de Arriba*". A veciñanza do lugar mantivo durante anos a memoria deste suceso, facendo homenaxes ás catro vítimas ata que en setembro de 2023, a Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica (ARMH) realizou a exhumación dos corpos.

Deputación DA CORUÑA

MD

ASOCIACIÓN PARA A RECUPERACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA



Pola beleza do percorrido suxirese empregar o paseo fluvial do río Anllóns, que remata na porta do cemiterio parroquial de Bértoa para ir a pé dende os puntos 4 e 5 ata os puntos 2, 3, 6 e 7.

A distancia para percorrer os puntos mencionados empregando o paseo é de aproximandamente 3,6 kms (ida). Existen itinerarios alternativos máis curtos.

Sepultura de D. Narciso Coello de Portugal
A sepultura do bondadoso párroco de Bértoa, falecido en 1945, atopase no cemiterio, a poucos metros da fosa común onde foron soterradas as catro vítimas. Durante a súa etapa na parroquia, D. Narciso axudou a moitos veciños e impulsou a construcción do retablo maior que hoxe pode verse na igrexia de Santa María de Bértoa. Nunca lle faltaron flores.

Feira de Carballo-*Praza do Concello*
A feira de Carballo celebrase os xoves e os segundos e cuartos domingos de cada mes. Syra fai unha referencia á esta cando relata a súa visita á vila nos seus Diarios: "*É día de feria, pasan soldados, mulleres, rapaciños, anciáns, mozos. Hai moito barullo nas estreitas e empinadas rúas; todo vive, os seres, as plantas, todo menos el!*"

Xuzgados de Carballo- *Praza do Concello*
Os xuzgados municipais de Carballo no ano 1936 estaban situados na antiga casa consistorial, derrubada no ano 1974. Syra describe o espazo do xuzgado coma: "*Unha sala espazosa con ese cheirume a humidade, ese cheiro tan característico de Galiza*" alí, según recolle nos *Diarios*, o xuíz lé a causa xudicial aberta pola aparición do corpo do pintor e as outras vítimas, onde se describen as roupas que levaba e se recoñece que o corpo ten graves feridas de bala cabeza; tras isto, o funcionario obrigalle a asinar un certificado de defunción onde consta que a causa da morte foi un "*colapso cardiaco*".

A OBRA QUE TENTARON SEPULTAR CON FRANCISCO MIGUEL

Durante a súa vida, Francisco Miguel fixo debuxos -principalmente con Syra coma protagonista-, linóleos e *batiks* -un acesorio de tea estampada que estivo moi de moda a principios do S.XX- cun bo recoñecemento artístico, recibindo moi boas críticas por parte dos seus contemporáneos e organizando varias exposicións exitosas -entre elas unha en 1925 de *batiks* e debuxos celebrada no hotel Ritz de Madrid- así como a súa participación na Exposición Nacional de Arte de 1934.

O seu estilo foi variando ao longo da súa traxectoria vital, iniciandose cunha pintura de estilo máis vanguardista, que durante a súa estadía en México, collería elementos da pintura do país azteca, -similares aos de artistas cos que conviviu coma David Alfaro Siqueiros- para nos seus derradeiros anos atopar un estilo propio no que predominaban os motivos mariños (cunchas, mexilóns...) diante de fiestras abertas ao mar.

A dictadura faría que a súa obra fora condenada ao olvido en España durante anos, chegando a pecharse por orde gubernativa unha exposición póstuma que Syra organizara en 1941 na Coruña.



Non foi ata finais de século cando organizase unha antolóxica en México, Madrid e Coruña, que xunto á publicación dos *Diarios* de Syra no ano 2000, comeza a recuperar a obra e a figura deste gran artista coruñés.



Casa rectoral de Bértoa- *Rúa Fondal, 16*
Tras sair do xuzgado, Syra dirixese abafada cara a casa de D. Narciso Coello de Portugal, polo camiño, o paraxe otoñal que atopa no camiño evocalle "*todo o que pensara facer da paisaxe galega na súa obra de pintor*", ao aproximarse á casa, ve a D. Narciso sachando na horta, o que disipalle as dúbidas que tiña sobre se achegarse; Syra describirá a estancia interior, coma "*unha sala con muros caleados*" sinxelamente decorada pola que entraba o sol a cachón polo balcón transmitindolle unha sensación de paz; contalle ao párroco a súa traxedia, e el, ofrecelle compaixón, indo a polo libro de enterramentos do cemiterio, onde se indicaba o lugar onde foi soterrado o pintor. Syra rompe a chorar. Ao despedirse no xardín da casa tras o encontro, o cura indicalle que "*coa modesta esmola dos labregos desta aldea*" mercou cadaleitos para soterrar as víctimas. Foi un bálsamo para Syra.

Rúa Pintor Francisco Miguel
O recordo do asasinato de Francisco Miguel ficou na memoria da veciñanza da parroquia de Bértoa, e así, unha das rúas perpendiculares ao templo parroquial de Santa María de Bértoa, leva o nome do pintor.

Rúa Syra Alonso
En 2008 Carballo recordou a valentía e a decisión de Syra Alonso poñendo o seu nome a unha nova rúa da vila, nunha zona de próximo desenvolvemento urbán que se suma á xa existente que recorda ao seu marido, reunindoos de novo no rueiro.